

PREGUNTA DE AER RELATIVO AOS AVANCES UNITARIS NO REDONDELA 2020.(Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).

PLENO 28 XUÑO DE 2017. ACTA 07/2017

“En resolución de alcaldía de data 6 de xuño de 2017, apróbase contratar a elaboración do Plan Director “Starupvila” dentro do Proxecto Redondela 2020. Como estas hai outros gastos aprobados.

Por qué o goberno local non consulta as actuacións a enmarcar dentro do Proxecto Redondela 2020 coa oposición e demais axentes sociais? Por qué está deixando totalmente de lado na toma de decisións no Redondela 2020 a oposición e demais axentes sociais?”

O sr. Alcalde califica esta pregunta como desenfocada ou de dobre intención tendo en conta a información que de xeito habitual da o goberno aos grupos da oposición a través de xuntanzas constantes. Reitera no manifestado nelas e sinala que o único gasto de 2020 foi un asesoramento para poder tramitar ante o Ministerio unha serie de requisitos formais para que Redondela fora organismo intermedio lixero.

Engade que se esta tratando de vincular determinados proxectos á liña de axudas REDONDELA 2020 e, neste senso, pediu informe do interventor, onde informe que non consta contratación de ningunha inversión con cargo a dito plan.

Roga dos grupos da oposición prudencia neste asunto xa que se esta demorando a toma de decisións ata que o Ministerio non defina claramente os proxectos e pautas.

Os proxectos STARUPVILA o vai a facer o concello como iniciativa de emprendemento sexa ou non a través da liña REDONDELA 2020 e o mesmo di respecto a Praza de abastos de Chapela.